



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Sección Bolsas - Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña-15071 A Coruña

## RESUMO CONVOCATORIA BOLSAS-COLABORACIÓN CURSO 2010-2011

No BOE do día 5 de xullo de 2010 (BOE núm. 162) sae a convocatoria de bolsas-colaboración para o curso 2010-2011.

A Universidade da Coruña (UDC) correspóndenlle 35 bolsas.

### **Solicitudes, documentación e prazo de presentación:**

A solicitude deberá cumprimentarse mediante o formulario accesible por vía telemática a través da sede electrónica do Departamento na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a “Trámites e Servizos”.

Logo de cumprimentada a solicitude telemática, se o solicitante se pode identificar mediante calquera dos sistemas de sinatura aceptadas pola sede electrónica, poderá completar o proceso electrónico de presentación de solicitude co proxecto de colaboración avaliado polo departamento en formato informático ata o 30 de setembro de 2010.

Se o solicitante non dispón de sistema de sinatura aceptado pola sede electrónica, unha vez cumprimentada a solicitude vía telemática, deberá imprimila en ficheiro pdf e presentala coa súa sinatura xunto co proxecto de colaboración avaliado polo departamento. presentalas na Sección de bolsas da UDC (Pabillón de Estudantes-Campus de Elviña) **ata o 30 de setembro de 2010** incluído.

### **¿Quen pode obter esta bolsa?**

O alumnado universitario de Grao ou de segundo ciclo que, o prazo de remate de solicitudes reúna os seguintes requisitos:

a) Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado/a Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Graduado/a ou Máster oficial

b) Ter superado todo o primeiro ciclo e polo menos o 45% dos créditos que integran o segundo ciclo, agás o estudantado de Medicina que deberá ter superado o 60% . No caso do estudantado de Grao ten que estar cursando os últimos 60 créditos para completar os requisitos para a obtención do título e ter superados 180 créditos.

c) Estar matriculado no curso 2009-2010 en ensinanza oficial na totalidade dos créditos ou materias que lle resten para rematar os seus estudos

d) Ter como nota media dos créditos superados a que se sinala para cada unha das ramas de titulacións universitarias oficiais :

Rama de Enxeñaría e Arquitectura e ensinanzas técnicas: 5,50

Ciencias e Ciencias da Saúde ou Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde: 6,50

Ciencias Xurídicas e Sociais e Artes e Humanidades ou Humanidades: 7

**CONTÍA DA BOLSA: 2.700 EUROS. Nesta cantidade vai incluído o importe dos prezos públicos por servizos académicos.**

**Esta bolsa terase por unha soa vez e nun único curso académico e É COMPATIBLE COAS BOLSAS DE CARÁCTER XERAL E DE MOBILIDADE PARA O CURSO 2010-2011.**